

INFORMACIÓN SOBRE PROTOCOLO A SEGUIR EN CASO DE ENFERMIDADE, LESIÓN OU ACCIDENTE

Contratouse unha póliza de seguro de accidentes que cubrirá os gastos de lesións e/ou accidentes que se produzan durante a duración do campamento.

A cobertura do seguro é desde o inicio ata a data de finalización da quenda da persoa participante. Fóra do devandito período o seguro non se fará cargo de custo algún.

No caso de que se produza unha enfermidade, lesión ou accidente, evaluarase a importancia e levarase á persoa participante ao centro de atención médica que se considere oportuno, en función da gravidade.

Darase coñecemento inmediato aos pais, nais ou titores que tomarán a decisión que proceda, e informarse ao persoal responsable do campamento na Deputación da Coruña.

Se a enfermidade, lesión ou accidente impidise á persoa participante continuar coas actividades do campamento, será recollida/o polos seus pais, salvo naqueles casos en que fose necesario o seu ingreso nun centro hospitalario.

No caso dunha indisposición temporal é breve, e un informe médico avala a posibilidade de continuar coas actividades xerais do campamento, a persoa participante continuará no campamento.

A Dirección do campamento realizará os trámites administrativos necesarios no centro hospitalario para a correcta cobertura na póliza de seguro de accidentes contratado.

Para máis información a Deputación da Coruña, pon a disposición das persoas participantes durante toda a duración do campamento 1 ATS/DUE durante as 24 horas do día.